



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



helping universities succeed

Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU

RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMALIZA O ENCARGO A MEDIO PROPIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA A SIGMA XESTIÓN UNIVERSITARIA A.I.E. (M.P.) PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO INTEGRACIÓN DE APLICACIÓNS DE XESTIÓN ACADÉMICA NO ECOSISTEMA INFORMÁTICO DUNHA UNIVERSIDADE (ISGA), FINANCIADO POLO REAL DECRETO 641/2021, DO 27 DE XULLO, POLO QUE SE REGULA A CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCÍONS A UNIVERSIDADES PÚBLICAS ESPAÑOLAS PARA A MODERNIZACIÓN E DIXITALIZACIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO ESPAÑOL NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA "NEXTGENERATIONEU"

A Coruña, 2 de xuño de 2022

D. Julio E. Abalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña (a partir de agora, a Universidade), en nome e representación desta, e en exercicio das competencias que lle atribúen os artigos 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e o Decreto 101/2004 do 13 de maio (DOG do 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro) polo que se aproban os Estatutos da Universidade, para os efectos do presente encargo con domicilio na rúa Mestranza 9, 15001 A Coruña e co CIF Q6550005J.

EXPÓN:

Primeiro. Que a presente resolución se somete ao disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (a partir de agora, LCSP).

Segundo. Que, conforme ao artigo 3 da LCSP, a Universidade recibe a consideración de poder adxudicador, por tanto, queda incluída no ámbito de aplicación subxectivo desta norma.

Terceiro. Que SIGMA é unha agrupación de interese económico sen ánimo de lucro, regulada ao amparo da Lei 12/1991, do 29 de abril, de agrupacións de interese económico, cuxo capital social se atopa integramente participado por once universidades, entre elas esta universidade, cuxo obxecto é, de acordo coa dita lei e segundo os seus Estatutos, facilitar o desenvolvemento e mellorar o resultado da actividade dos seus socios no ámbito do desenvolvemento, implantación e explotación informáticos dos circuitos administrativos e informativos relacionados coa xestión das universidades, e da súa explotación comercial, incluído o sistema SIGMA.

Cuarto. Que os artigos 2 e 32 da LCSP exclúen do ámbito obxectivo de aplicación desta norma os negocios xurídicos en cuxa virtude un poder adxudicador lle encargue a unha entidade que, conforme ao sinalado no artigo 32 da LCSP, teña atribuída a condición de medio propio personificado e o seu servizo técnico, a realización dunha determinada prestación, considerando expresamente o referido artigo como medio propio personificado e servizo técnico daqueles poderes adxudicadores para os que realicen a parte esencial da súa actividade a aqueles entes, organismos e entidades do sector público aos que aqueles lles poidan conferir encargos que sexan de execución obrigatoria para eles.

Quinto. Que, conforme ao establecido no referido artigo 32 da LCSP, SIGMA constitúe un medio propio personificado e servizo técnico da Universidade e dos poderes adxudicadores dependentes dela, segundo consta expresamente no artigo 2 dos Estatutos da agrupación, polo que quedarán excluídas do ámbito de aplicación destas leis os encargos que SIGMA reciba da Universidade e que



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

SIGMA

helping universities succeed

Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU

sexan de execución obrigatoria. Para estes efectos, as relacións de SIGMA cos poderes adjudicadores dos que é medio propio personificado e servizo técnico teñen natureza instrumental e non contractual e articularanse a través de encargos dos previstos no mesmo artigo 32 da LCSP.

Sexto. Que a Universidade ten interese en desenvolver o proxecto de integración de aplicacións de xestión académica no ecosistema informático da Universidade (a partir de agora, o “Proxecto” ou “ISGA”), en colaboración con outras universidades públicas socias de SIGMA e con cargo aos fondos da Unión Europea “NextgenerationUE”, regulados polo Real decreto 641/2021, do 27 de xullo, polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas españolas para a modernización e dixitalización do sistema universitario español no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Este interese é compartido polas seguintes universidades, as cales tamén son socias de SIGMA (a partir de agora, as “universidades”, incluíndo nesta denominación tamén a Universidade):

- Universidade de Vigo
- Universidade de Cantabria
- Universidade da Coruña

As universidades subscribiron un convenio de colaboración, do cal o presente encargo é un acto de mera execución (a partir de agora, o “Convenio”).

Sétimo. Que a Universidade considera idóneo que o Proxecto se execute a través de SIGMA, ao encaixar dentro do seu obxecto social e dispor esta agrupación dos medios precisos para o seu desenvolvemento.

Oitavo. Que a Universidade verificou que SIGMA conta cos medios persoais e materiais para realizar o presente encargo.

En virtude do exposto, **RESOLVE:**

Primeiro:

Formalizar e regular o encargo da Universidade ao seu medio propio SIGMA para implantar un sistema de xestión académica que constitúe un proxecto propio de cada unha das universidades participantes no convenio que dá inicio a este encargo de xestión. Con todo, a integración e interoperabilidade desta ferramenta no ecosistema informático destas universidades concibiuse como un proxecto colaborativo, tendo en conta que se fai necesario desenvolver unhas funcionalidades e procedementos dos que non só se beneficiarán as universidades participantes, senón tamén calquera universidade, use ou non o sistema Sigma Academic.

De acordo cos artigos 2 e 32 da LCSP, o presente encargo atópase excluído do ámbito de aplicación da normativa aplicable aos contratos do sector público.

En virtude da presente resolución, SIGMA queda obrigada a executar as actuacións descritas no **Anexo I**, de acordo coas instrucións fixadas pola Universidade.

Durante o período de vixencia deste encargo, a Universidade poderalle ordenar a SIGMA a realización doutras actuacións distintas das anteriores, sempre que cumpran os requisitos de elixibilidade de cofinanciamento mediante fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, as cales se incorporarán como anexo á presente resolución, en que se detallarán as ditas actuacións e a compensación tarifaria aplicable a estas. Calquera outra actuación que non cumpra estes requisitos será obxecto dun novo encargo de xestión.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

SIGMA

helping universities succeed

Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU**Terceiro:**

O persoal de SIGMA que realice as actividades derivadas do presente encargo non terá ningún tipo de vinculación, de carácter laboral nin administrativo, coa Universidade.

SIGMA poderá contratar con terceiros a execución das actuacións definidas no **Anexo I**, en cuxo caso se axustará ao disposto na LCSP, en particular ao establecido no seu artigo 32, e ao previsto no presente encargo. Así mesmo, debería cumprir co establecido nas bases de execución dos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia en canto ao beneficiario final das axudas e subcontratistas.

Cuarto:

SIGMA facilitará todos os medios materiais necesarios para desenvolver as actuacións antes relacionadas, incluíndo medios técnicos, informáticos, telefonía móbil e desprazamentos necesarios para realizar os traballos encargados, para o que se rexerá polos criterios de economía, eficacia, eficiencia e calidade.

Quinto:

As actuacións que SIGMA levará a cabo financiaranse con cargo á partida orzamentaria 100021NG17 422D 6400001 do vixente orzamento de gastos da Universidade. Porén, esta cantidade quedará supeditada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da Universidade que se aprobe para o ano 2023.

A compensación tarifaria da que resulta acreedora SIGMA foi aprobada pola Universidade e responde ao seguinte orzamento global do proxecto, onde á Universidade lle corresponde aboar na proporción que establece o Convenio:

Concepto	Uds.	Importe convenio	Universidade da Coruña
Actividade Propia SIGMA	4 079	257 827,22	66 427,10
Goberno ISGA (tarifa consultoría)	289	18 539,95	4 776,67
Estudo de proxectos (tarifa consultoría)	890	57 138,00	14 721,14
Desenvolvemento do proxecto (tarifa proxecto)	2 900	166 170,00	42 812,36
Desprazamentos (2 persoas x 2 días)	14	15 979,28	4 116,93
Subcontratacións a terceiros (persoas)	0	200 172,78	51 572,90
Oficina de proxectos	0	37 688,01	9 710,01
Consultoría/soporte desenvolvemento do proxecto	0	162 484,77	41 862,89
Total	4 079	458 000,00	118 000,00

De acordo coa Disposición final décima da LCSP, a compensación tarifaria da que resulta acreedora SIGMA non está suxeita a IVE.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

SIGMA

helping universities succeed



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU

Sexto:

A execución do encargo realizarase baixo a dirección do responsable designado pola Universidade, que disporá a orde dos traballos e as variacións que de ser o caso procedan.

Será responsabilidade da Xerencia da Universidade ditar os actos ou as resolucións que dean soporte ou en que se integre a concreta actividade material obxecto do encargo.

Pola súa banda, SIGMA farase cargo do desenvolvemento técnico dos traballos contidos neste encargo baixo a supervisión do xerente de contas asignado á Universidade, membro do Comité de Seguimento do Convenio e ao que lle corresponde a dirección do proxecto, que será o interlocutor con quen se relacionará a Universidade e que se encargará de impartir as ordes e instrucións de traballo ao resto de traballadores de SIGMA.

Sétimo:

SIGMA remitiralle á Universidade, ao final de cada trimestre, unha memoria que permita o seguimento da xestión efectuada.

Igualmente, someterase ás actuacións de comprobación que, en relación con esta, practique a Universidade, á que lle facilitará toda a información que lle sexa requirida.

Oitavo:

SIGMA queda obrigada a cumprir coas esixencias previstas no Regulamento (UE) 2016/679, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (a partir de agora, RXPD) e normativa relacionada, así como daquelas normas que as substitúan ou se poidan ditar no seu desenvolvemento en relación cos datos de carácter persoal de que dispoña.

Achégase como **anexo II** o Protocolo sobre protección de datos de carácter persoal aplicable ao presente encargo.

Este **anexo II** contén, así mesmo, as medidas de seguridade que SIGMA deberá aplicar de acordo cos principios e requisitos que contén o Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración electrónica, modificado polo Real decreto 951/2015, do 23 de outubro, de ser o caso, e de acordo coas instrucións fixadas pola Universidade e recollidas nos anexos do presente encargo.

Noveno:

9.1 Dereitos de propiedade intelectual

Fóra do establecido de forma expresa nesta Resolución, esta non lles garante á Universidade nin a SIGMA ningún dereito, título ou interese sobre os respectivos dereitos de propiedade intelectual ou dos seus outorgantes de licenza.

A Universidade é a titular de todos os dereitos de propiedade intelectual correspondentes aos contidos da Universidade e SIGMA é a titular de todos os dereitos de propiedade intelectual correspondentes á Plataforma SIGMA.

En particular, a Universidade acepta que a Plataforma SIGMA, incluíndo o Software SIGMA e calquera outro software, hardware e documentación asociada, foi creada por SIGMA, que conservará todos os dereitos de propiedade intelectual, industrial ou calquera outros sobre esta, que non poderá ser obxecto de ulterior modificación, copia, alteración, reprodución, adaptación ou tradución por parte da Universidade.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



helping universities succeed

Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU

A estrutura, características, códigos, métodos de traballo, sistemas de información, ferramentas de desenvolvemento, *know-how*, metodoloxías, procesos, tecnoloxías ou algoritmos da Plataforma SIGMA son propiedade de SIGMA, ou dos seus provedores, que foron, neste último caso, obxecto de licenza ou cesión por parte deles, e están protexidos polas normas españolas ou internacionais de propiedade intelectual e industrial, e non poden ser obxecto de ulterior modificación, copia, alteración, reprodución, adaptación ou tradución por parte da Universidade.

En consecuencia, non está permitido que a Universidade faga uso da Plataforma SIGMA ou dos materiais asociados a esta sen a autorización de SIGMA, incluída a súa explotación, reprodución, difusión, transformación, distribución, transmisión por calquera medio, publicación posterior, exhibición, comunicación pública ou representación total ou parcial, as cales, de se producir, constituirán infraccións dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial de SIGMA, sancionadas pola lexislación vixente.

9.2 Signos distintivos

A Universidade non poderá expoñer nin utilizar signos distintivos de SIGMA nin esta poderá expoñer ou utilizar signos distintivos da Universidade, salvo nos supostos expresamente permitidos neste encargo, sen o consentimento previo por escrito da entidade titular do signo distintivo en cuestión. SIGMA unicamente poderá exhibir aqueles signos distintivos da Universidade que a Universidade lle autorizase (a dita autorización enténdese outorgada ao lle encargar a Universidade a SIGMA o desenvolvemento e mantemento de aplicacións para a xestión académica).

Tanto a Universidade como SIGMA poderán revogar o seu consentimento para utilizar os seus signos distintivos en virtude do presente encargo, mediante unha notificación escrita respecto diso, en calquera momento coa debida antelación.

9.3 Publicidade

A Universidade acepta que SIGMA poida incluír o nome da Universidade nunha lista de usuarios dos servizos de SIGMA, en liña ou en materiais de promoción. Ademais, a Universidade tamén acepta que SIGMA poida facer referencia verbal á Universidade como un usuario dos servizos de SIGMA.

Décimo:

Sen prexuízo da información que, con carácter xeral, se deba publicar para cumprir a lexislación sobre transparencia, acceso á información e bo goberno, **Información Confidencial** significa toda a información técnica, xurídica, económica, organizativa ou de calquera outro tipo correspondente á Universidade ou a SIGMA, vinculada ou xerada como consecuencia da execución do presente encargo e que pola súa natureza puidese ser considerada confidencial, con independencia do soporte en que constase ou dos medios empregados para a súa revelación, así como calquera análise, recompilación, estudo, resumo ou extracto que xa sexa SIGMA ou a Universidade ou ambas conxuntamente elaborasen a partir da información/documentación inicialmente divulgada por calquera delas. En particular, os medios persoais, materiais e económicos especificamente empregados na execución do presente encargo, os datos de carácter persoal e os dereitos de propiedade intelectual definidos anteriormente terán a consideración de información confidencial da Universidade. Non recibirá esta consideración a información que, conforme a lexislación aplicable á contratación do sector público, se deba facer pública no perfil do contratante.

A Universidade e SIGMA quedan obrigadas, respecto da información confidencial, a (i) mantela secreta, incluíndo este deber, calquera divulgación da información, non só a terceiros senón tamén a calquera persoa non autorizada en virtude do presente encargo; (ii) adoptar todas as medidas necesarias tendentes a evitar que a dita información poida ser coñecida por terceiros non autorizados polo titular dela. Neste sentido, a Universidade protexerá a información confidencial de SIGMA e esta protexerá a información confidencial da Universidade, utilizando os mesmos medios de protección



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

SIGMA

helping universities succeed

Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU

que utilizan para protexer a súa propia información confidencial e nunca medios inferiores aos razoablemente esixibles en atención á natureza da información e ao estado da técnica; (iii) non utilizar a información confidencial, directa ou indirectamente, para ningún fin alieo a cumprir o presente encargo; (iv) restrinxir o acceso á información confidencial só a aqueles empregados, propios ou subcontratados, que a deban coñecer con motivo da execución do encargo; (v) non reproducir ou copiar a información confidencial a menos que sexa imprescindible para cumprir o establecido no presente encargo ou se obteña o consentimento previo e escrito da entidade a que pertenza.

No caso de que unha autoridade xudicial ou administrativa requirise dar información confidencial, a entidade que reciba o requirimento poñerá previamente en coñecemento da entidade á cal faga referencia a dita información confidencial e restrinxirá a súa divulgación tanto como o requirimento lle permita.

Décimo primeiro:

O encargo deberao realizar SIGMA, que poderá contratar con terceiros a execución de prestacións parciais do Proxecto, sempre que estas non excedan dun 50 % da contía do encargo, así como asumir directamente os gastos correspondentes ás diferentes partes en que se divide a execución do Proxecto. Considerarase gasto do proxecto o IVE soportado por SIGMA na contratación con terceiros.

Os contratos que leve a cabo SIGMA para executar o Proxecto quedarán sometidos á LCSP, nos termos que sexan procedentes de acordo coa natureza de SIGMA e o tipo e valor estimado destes e aplicaralle en todo caso as normas contidas na dita lei.

Décimo segundo:

SIGMA responderá dos danos causados por dolo, culpa ou negligencia derivados da súa actuación fronte ás partes ou a terceiros, sen ningunha limitación derivada do importe correspondente ao prezo dos servizos efectivamente aboados pola Universidade a SIGMA no momento en que se produciu a causa que motivou a indemnización. Para estes efectos, SIGMA ten subscrita unha póliza de seguro de responsabilidade civil que presta cobertura aos riscos derivados da actividade obxecto do encargo. Os subcontratistas e provedores de SIGMA quedarán obrigados só ante esta, que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do encargo.

As partes non serán responsables, en ningún caso, de danos indirectos, imprevistos, especiais ou accidentais sufridos por calquera das partes ou por un terceiro, mesmo se a outra parte ou calquera outra persoa foi advertida da posibilidade destes danos. En consecuencia, será obrigación da Universidade e non de SIGMA, a realización de copias de apoio coa periodicidade suficiente, así como a instalación de medidas de seguridade e a obtención de licenzas e implantación de programas de antivirus, *firewall*, ou calquera outro que puidese ser necesario para manter a integridade, confidencialidade e seguridade dos datos e sistemas da Universidade.

SIGMA non será responsable fronte á Universidade, entre outros supostos, dos seguintes (i) no caso de que a Plataforma SIGMA non se utilice de acordo coa documentación proporcionada á Universidade por SIGMA; (ii) no caso de que o fallo sexa provocado por manipulacións da Plataforma SIGMA non autorizadas previamente por SIGMA ou por software de terceiros.

Décimo terceiro:

A presente resolución será publicada nos perfís do contratante da Universidade e de SIGMA.

Décimo cuarto:

O presente encargo despregará a súa eficacia desde o día da súa notificación a SIGMA e terá vixencia no período 2022-23.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



helping universities succeed

Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU

A súa vixencia inicial poderase prorrogar, mediante unha resolución expresa, sempre que se continúen dando as razóns que xustifican a necesidade de formalización do encargo. En todo caso, as prórrogas quedarán supeditadas á existencia de consignación orzamentaria suficiente e adecuada nos orzamentos xerais da Universidade das correspondentes anualidades.

Do mesmo xeito, con anterioridade á data de terminación do prazo inicialmente fixado ou de calquera das súas prórrogas, a Universidade poderá acordar modificacións sobre o contido do presente encargo, que se incorporarán como anexo e pasarán a formar parte deste.

Décimo quinto:

A Universidade poderá resolver anticipadamente o encargo, mediando un aviso previo a SIGMA cunha antelación mínima dun mes, nos seguintes supostos:

- incumprimento da presente resolución
- incumprimento das condicións aprobadas pola Universidade

En calquera destes supostos procederase a realizar a oportuna liquidación do encargo e recoñeceráselle a SIGMA o dereito á compensación tarifaria polas actuacións efectivamente executadas.

Décimo sexto:

Este encargo ten natureza administrativa, a súa interpretación e desenvolvemento réxense polo ordenamento xurídico-administrativo e sonlle de aplicación os principios da LCSP para resolver as dúbidas que puidesen xurdir no seu cumprimento.

Décimo sétimo:

En tanto que o presente encargo se enmarca dentro dun convenio colaborativo, o Proxecto enmárcase nas liñas de actuación 2, 3 e 4 definidas no anexo II do RD 641/2021 e participan na súa execución tres universidades beneficiarias dos fondos de continua referencia, sendo este un instrumento de colaboración horizontal entre as universidades.

Ademais, de acordo co anexo I do RD 641/2021, o Proxecto vai enfocado cara a solucións e servizos que son susceptibles de ser aproveitados por todas as universidades públicas españolas, sexan ou non socias de SIGMA. Neste sentido, o resultado final do Proxecto non estará suxeito, en ningún caso, á obtención previa dunha licenza e poderá ser aproveitado, directamente, polas universidades que xa son socias de SIGMA e que actualmente representan máis do 25 % da totalidade de universidades públicas españolas, así como polo resto de universidades públicas que, no futuro, acaben sendo socias de SIGMA. Así mesmo, o resultado final do Proxecto estará dispoñible para outras universidades públicas, para o que se habilitarán as canles de acceso ao desenvolvemento que correspondan en cada caso.

SIGMA aplicará na execución do Proxecto, en todo caso, as normas contidas que lle sexan de aplicación de acordo co RD 641/2021 e as disposicións que o desenvolvan, entre elas, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como calquera outra norma que desenvolva, complementa ou substitúa as anteriores e que estea en vigor no momento de se realizar os contratos.

SIGMA está actualmente traballando na avaliación dos riscos de fraude, corrupción ou conflito de interese, con base nas recomendacións da Oficina Antifrau de Catalunya. Unha vez adoptadas as medidas derivadas da avaliación, SIGMA cumprirá respecto de proxectos PRTR as esixencias canto



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



helping universities succeed



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU

á avaliación dos riscos da fraude e terá ao dispor do poder adxudicador as DACIS cubertas.

SIGMA comprométese a facer constar nos contratos que subscriba para executar o Proxecto, de ser o caso, a obrigaón de achegar a información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos na forma prevista no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

SIGMA comprométese a facer constar nos contratos que subscriba para executar o Proxecto, de ser o caso, a suxeición aos controis da Comisión Europea, da Oficina de Loita Antifraude, do Tribunal de Contas Europeo e da Fiscalía Europea e o dereito destes órganos ao acceso á información sobre o encargo e/ou o convenio do cal trae causa.

SIGMA comprométese a facer constar nos contratos que subscriba para executar o Proxecto, de ser o caso, as normas sobre conservación da documentación, de acordo co disposto no artigo 132 do Regulamento Financeiro.

SIGMA comprométese a cumprir as esixencias derivadas dos compromisos en materia de comunicación, encabezamentos e logotipos que contén o artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro. En concreto, axustarase aos condicionantes propios da Axuda (Fondos Unidixital). Así, entre outras, cumprirá as condicións específicas da propia convocatoria en materia de comunicación (logotipos, factura en que figuren as liñas de acción...), os prazos de duración, o aproveitamento por outras universidades públicas etc.

Julio E. Abalde Alonso

REITOR DA UNIVERSIDADE

ANEXO I

PROXECTO ISGA

1. OBXECTIVO

As universidades participantes no presente convenio encóntranse inmersas nun proceso de renovación do seu sistema de xestión académico. Entre as poucas solucións existentes, as catro universidades optaron polo proxecto SIGMA Academic, que é un medio propio dun conxunto maior de universidades españolas, que compoñen a agrupación sen ánimo de lucro SIGMA.

A implantación deste sistema de xestión académica constitúe un proxecto propio de cada unha das universidades participantes. Con todo, a integración e interoperabilidade desta ferramenta no ecosistema informático destas universidades concibiuse como un proxecto colaborativo, xa que se fai necesario desenvolver unhas funcionalidades e procedementos dos que non só se beneficiarán as universidades participantes, senón tamén calquera universidade, use ou non o sistema Sigma Academic.

2. ALCANCE

Concretamente, o proxecto proposto determina os obxectivos principais:

2.1. Funcionalidades de Interoperabilidade

1. **Estudo, desenvolvemento e posta en marcha de novas funcionalidades de interoperabilidade**
 - a. **Xestión de estudos interuniversitarios:** Definir e crear un estándar de interoperabilidade que permita o traslado de expedientes entre universidades nacionais e permita unha mellor xestión dos programas interuniversitarios. Débese incorporar un mecanismo de xestión integral dos expedientes do alumnado matriculado en títulos conxuntos en universidades nacionais.
 - b. **API de acceso para consulta e intercambio de información universitaria.**

c. Internacionalización (p. ex. EWP).

d. Conexión con outros sistemas amplamente utilizados: ERP económicos, aplicacións móbiles, CMS, LMS, portafirmas, administración electrónica, conexión con sistemas de certificación dixital...

2.2. Funcionalidades de localización

2. Localización do sistema para as características de cada rexión das universidades involucradas:

a. Tradución ao galego: adaptación do ERP SIGMA Academic ao galego. Estrutúrase en tres fases para acometer a tradución de literais da aplicación en tres fases que recollan:

- i. fase I - Módulo de Servizos ao estudante de formación non regulada (titulacións propias)
- ii. fase II - Servizos ao estudante e docente
- iii. fase III - Resto de módulos de xestión académica

b. Adaptación ao sistema de ABAU:

- i. Proceso de carga e xestión dos ficheiros de acceso á universidade da CCAA de Galicia.
- ii. As universidades galegas requiren desenvolver uns servizos web que lle proporcionen á Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) a información de alumnado matriculado de novo ingreso e as anulacións de matrículas do alumnado que acceda ao sistema universitario galego (SUG).

c. Adaptación ao sistema de xestión de avaliación sistema universitario galego (ex.: xestión de oportunidades)

3. PLANIFICACIÓN ESTIMADA

Para desenvolver cada un dos bloques e apartados, planifícanse as seguintes fases:

1. Análise e especificación de funcionalidades de interoperabilidade e localización
2. Deseño de funcionalidades
3. Implementación
4. Validación, probas e posta en produción

E estímase o seguinte calendario de actuacións para cada un dos ámbitos descritos no alcance do proxecto:

	2022				2023			
	1	2	3	4	1	2	3	4
1. Estudio, desarrollo y puesta en marcha de nuevas funcionalidades de interoperabilidad								
a. Gestión de estudios interuniversitarios								
Análisis y especificación								
Diseño de funcionalidades								
Implementación								
Validación y pruebas								
b. APIs de acceso para consulta e intercambio de información universitaria.								
Análisis y especificación								
Diseño de funcionalidades								
Implementación								
Validación y pruebas								
c. Internacionalización (p.e. EWP).								
Análisis y especificación								
Diseño de funcionalidades								
Implementación								
Validación y pruebas								
d. Conexión con otros sistemas ampliamente utilizados								
Análisis y especificación								
Diseño de funcionalidades								
Implementación								
Validación, pruebas y puesta en producción								
2. Localización del sistema para las características de cada región de las universidades involucradas								
a. traducción al gallego								
Análisis y especificación								
Diseño de funcionalidades								
Implementación								
Validación, pruebas y puesta en producción								
b. adaptación al sistema de EVAU								
Análisis y especificación								
Diseño de funcionalidades								
Implementación								
Validación, pruebas y puesta en producción								
c. adaptación al sistema de gestión de evaluación Sistema Universitario Gallego (gestión de oportunidades)								
Análisis y especificación								
Diseño de funcionalidades								
Implementación								
Validación, pruebas y puesta en producción								

ANEXO II

ACORDO PARA O TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS AO AMPARO DO ARTIGO 28 RXP

A Coruña, 2 de xuño de 2022

REUNIDOS

D. Julio E. Abalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña (a partir de agora, a Universidade), en nome e representación desta, e en exercicio das competencias que lle atribúen os artigos 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e o Decreto 101/2004 do 13 de maio (DOG do 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro) polo que se aproban os Estatutos da Universidade, para os efectos do presente encargo con domicilio e con domicilio na rúa Mestranza 9, 15001 A Coruña e co CIF: Q6550005J.

Doutra parte, D. Ramón Grau Sala, na súa calidade de director-xerente de Sigma Xestión Universitaria, A.I.E., (M.P.) (a partir de agora, SIGMA ou a Agrupación), que actúa en nome e representación desta Agrupación conforme as facultades que lle foron delegadas por Acordo do Consello de Administración do 11 de abril de 2008, con domicilio, para os efectos do presente encargo, na rúa Alcalde Barnils núm. 64-68, Módulo B, 3ª planta, portas 2-3 e 4, Parque Empresarial Sant Joan, 08174 Sant Cugat del Vallés, Barcelona e co CIF V61213641, a partir de agora, o ENCARGADO ou encargado do tratamento.

Ambos os comparecentes recoñécense mutua e reciprocamente suficiente capacidade para obrigarse entre si por medio do presente ACORDO DE TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS e

MANIFESTAN

Que a Universidade, na súa condición de responsable do tratamento de datos, encargoulle a SIGMA o desenvolvemento e mantemento de aplicacións para a xestión universitaria e esixiu na prestación encargada o tratamento de datos persoais do RESPONSABLE polo prestador que posúe a condición de ENCARGADO. En virtude diso, en aplicación do disposto no artigo 28 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, -a partir de agora RXP ou Regulamento (UE) 2016/679-, ambas as partes subscriben o presente contrato e,

DECLARAN

PRIMEIRO. Que este acordo, que trae a súa causa dun mandato normativo en garantía do dereito fundamental á protección de datos, é anexo ao de "Integración de aplicacións de xestión académica no ecosistema informático dunha universidade (ISGA)" e non comporta custo adicional ningún para ningunha das partes, salvo o previsto no apartado quinto, segundo parágrafo.

SEGUNDO. O ENCARGADO comprométese a utilizar os datos de carácter persoal obxecto do tratamento indicados no anexo I unicamente para a finalidade obxecto deste encargo e a que, en ningún caso, poderá utilizar os datos para fins propios.

TERCEIRO. Que, sen prexuízo da súa descrición detallada no anexo I, a prestación que desenvolverá o ENCARGADO consistirá no desenvolvemento e mantemento de aplicacións para a xestión académica. Esta prestación desenvolverase nas seguintes formas:

- En instalacións ou sistemas do ENCARGADO, cando se trate de labores de desenvolvemento e proba de aplicacións.
- Con acceso remoto polo encargado do tratamento a datos nos sistemas do RESPONSABLE, no caso de que fose necesaria a realización de intervencións de mantemento, probas de software e resolución de incidencias.
- Con acceso a datos en sistemas do RESPONSABLE, para poñer en explotación e mantemento as aplicacións, por un técnico *in situ* membro do cadro de persoal do ENCARGADO.

CUARTO. Que o encargado do tratamento garante condicións de confiabilidade e proactividade no cumprimento das súas obrigacións derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 e das obrigacións especificamente establecidas por este contrato e para iso:

- a) Certifica a formación do seu persoal en materia de protección de datos persoais, confidencialidade e seguridade.
- b) Conta cun delegado de protección de datos designado coas garantías e para as funcións previstas polos artigos 37 a 39 RXPD.

E en virtude diso,

ACORDAN

Cláusula primeira. Seguimento das instrucións polo encargado

O ENCARGADO tratará os datos persoais unicamente seguindo instrucións do RESPONSABLE contidas neste contrato e os seus anexos. Cando, en virtude do cumprimento de obrigacións legais de natureza imperativa, o ENCARGADO deba realizar algún tratamento adicional notificarallo ao RESPONSABLE.

En particular, e salvo obrigación legal de secreto, notificaránselle ao RESPONSABLE os tratamentos que deriven do deber de colaboración coas Forzas e Corpos de Seguridade, xuíces e tribunais, e autoridades públicas.

Será causa de resolución de acordo, que comportará a do encargo principal, sen indemnización ningunha para o ENCARGADO, tanto aqueles casos en que o ENCARGADO non notificase previamente os tratamentos descritos no parágrafo anterior, como naqueles casos en que, por se tratar da xurisdición dun país terceiro, o responsable do tratamento considerase que se afecta o dereito fundamental á protección de datos dos interesados.

Así mesmo, e como se desenvolve na cláusula décima do presente contrato, o RESPONSABLE poderalle esixir responsabilidades ao ENCARGADO por aqueles danos que eventualmente puidesen causar.

Cláusula segunda. Transferencias internacionais de datos

Prohíbense aqueles tratamentos que constitúan unha transferencia internacional de datos persoais para os efectos do Regulamento (UE) 2016/679. Unicamente se autoriza o encargado do tratamento a realizar os tratamentos en España/países da Unión Europea/países do espazo económico europeo.

No caso de que SIGMA requirise realizar transferencias internacionais de datos deberá solicitar a autorización expresa do RESPONSABLE, salvo que iso sexa esixible legalmente.

Cláusula terceira. Confidencialidade e formación do persoal

O ENCARGADO garantirá que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometeran a respectar a confidencialidade ou, de ser o caso, estean suxeitas a unha obrigaón de confidencialidade de natureza estatutaria. En particular, se é requirido polo RESPONSABLE, acreditará a existencia dun compromiso contractual de confidencialidade do persoal e/ou a súa formación adecuada.

Cláusula cuarta. Características dos sistemas de información do ENCARGADO e/ou desenvolvemento de software

1. En relación cos tratamentos realizados nas instalacións, medios e soportes do ENCARGADO, este garantirá a interoperabilidade dos seus sistemas e, en todo caso, a portabilidade dos datos obxecto de tratamento.
2. Nos aspectos en que a prestación principal do ENCARGADO consista no desenvolvemento de software, ou de calquera procedemento físico ou lóxico ordenado ao tratamento de datos persoais, ademais das garantías indicadas no parágrafo anterior, o ENCARGADO asegurará o cumprimento dos principios de protección de datos e seguridade desde o deseño e por defecto, de acordo cos medios dispoñibles segundo a estado da arte.

Cláusula quinta. Medidas de seguridade

1. O ENCARGADO deberá implantar as medidas de seguridade previstas no Documento de seguridade da Universidade:
 - a) Ter establecida un política de seguridade dos datos de carácter persoal.
 - b) Establecer un sistema de control e limitación de accesos lóxicos só a quen deba ter acceso aos datos.
 - d) Implementar procedementos de xestión de soportes de datos persoais: copias de seguridade, almacenamento, transporte, refugallo e demais operacións relacionadas.
 - e) Realizar copias de apoio aos datos persoais.
 - f) Establecer procedementos de recuperación dos datos en caso de incidentes. Desenvolver e aplicar protocolos de actuación para a xestión de incidencias.
 - g) Desenvolver e aplicar protocolos de actuación para a xestión de incidencias.
 - h) Aplicar as medidas de seguridade pertinentes tamén no caso de que realice probas con datos reais.

En todo caso, deberá implantar mecanismos para:

- a) Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
 - b) Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
 - c) Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
2. O ENCARGADO comprométese a notificarlle ao RESPONSABLE calquera incidente de seguridade susceptible de ser considerado violación da seguridade dos datos persoais conforme ao disposto polos artigos 33 e 34 RXPd. Para iso seguirase o procedemento descrito no anexo II deste contrato.

Cláusula sexta. Colaboración co responsable

Se resultar necesario, o ENCARGADO cooperará lealmente co RESPONSABLE cando fose necesario levar a cabo a avaliación de impacto relativa á protección de datos prevista polo artigo 35 RXPD.

Así mesmo, o ENCARGADO asistirá o RESPONSABLE, tendo en conta a natureza do tratamento, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, sempre que sexa posible, para que este poida cumprir coa súa obrigaón de responder ás solicitudes que teñan por obxecto o exercicio dos dereitos dos interesados establecidos no capítulo III do Regulamento (UE) 2016/679.

En ambos os casos, o RESPONSABLE requirirá expresamente ao ENCARGADO a través do seguinte enderezo electrónico protecciondatos@sigmaaie.org

No caso de que as persoas afectadas exerzan os dereitos, anteriormente indicados, ante o ENCARGADO, este debeo comunicar por correo electrónico ao enderezo dpd@udc.gal. A comunicación débese facer de forma inmediata e en ningún caso máis alá do día laborable seguinte ao da recepción da solicitude, xuntamente, de ser o caso, con outras informacións que poidan ser relevantes para resolver a solicitude, que corresponde ao responsable do tratamento.

Serán causa de resolución deste acordo, que comportará a do encargo principal, sen indemnización ningunha, aqueles supostos en que, transcorridos dez días naturais despois de se requirir, o ENCARGADO non colaborase debidamente.

Así mesmo, e como se desenvolve na cláusula décima do presente contrato, o RESPONSABLE poderalle esixir responsabilidades ao ENCARGADO por aqueles danos que eventualmente puidesen causar.

Información adicional: pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa Política de Privacidade en https://www.udc.es/gl/gobierno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/.

Cláusula sétima. Proba do cumprimento

O ENCARGADO poñerá á disposición do RESPONSABLE toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das obrigacións establecidas no presente contrato.

En caso de que solicite un informe de auditoría un terceiro de confianza autorizado polo RESPONSABLE, as partes acordan realizar unha comunicación previa respecto diso, para o que acordarán condicións e dispoñibilidade horaria e correrá cos gastos desta o RESPONSABLE, que lle poderá repercutir, en caso de anomalías de cumprimento en protección de datos, ao ENCARGADO.

Respecto das prestacións que se realicen integramente en instalacións do RESPONSABLE, o ENCARGADO recoñécelle o dereito ao RESPONSABLE a auditar a actividade do encargado incluídas as inspeccións aos terminais e medios do persoal do ENCARGADO. É obrigaón deste último levantar toda expectativa de privacidade do seu persoal, cuxo acceso non será autorizado de non se garantir os poderes do RESPONSABLE establecidos neste contrato.

Cláusula oitava. Facultades do encargado

O ENCARGADO informará inmediatamente o RESPONSABLE se, na súa opinión, unha instrución infrinxe o presente regulamento ou outras disposicións en materia de protección de datos da Unión ou dos estados membros.

O ENCARGADO garantirá a adecuada xestión do Rexistro de Actividades do tratamento regulado polo artigo 30.2 e en particular asegurará a debida documentación das medidas técnicas e organizativas de seguridade.

O rexistro de actividades do tratamento conterá a seguinte información:

1. O nome e os datos de contacto do encargado ou encargados e de cada responsable por conta do cal actúe o encargado e, de ser o caso, do representante do responsable ou do encargado e do delegado de protección de datos.
2. As categorías de tratamentos efectuados por conta de cada responsable.
3. De ser o caso, as transferencias internacionais de datos persoais a un terceiro país ou organización, incluída a identificación deste terceiro país ou organización internacional e, no caso das transferencias indicadas no artigo 49 apartado 1, parágrafo segundo do RXPd, a documentación de garantías adecuadas.
4. Unha descrición xeral das medidas técnicas e organizativas de seguridade relativas aos seguintes aspectos:
 0. A pseudonimización (o establecemento de pseudónimos ou sistemas de disociación) e o cifrado de datos persoais.
 1. A capacidade de garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos do tratamento.
 2. A capacidade de restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
 3. O proceso de verificación, avaliación e valoración regulares da eficacia das medidas técnicas e organizativas para garantir a seguridade do tratamento.

O rexistro a que se refire o presente apartado deberá ser posto a disposición da autoridade de control de datos persoais que o solicite, en particular, da Axencia Española de Protección de Datos.

Cláusula novena. Contratación con terceiros

Se fose necesario subcontratar algún tratamento, o ENCARGADO deberallo comunicar previamente e por escrito á Universidade, con antelación de DOUS MESES, indicar os tratamentos que se pretende subcontratar e identificar de forma clara e inequívoca a empresa subcontratista e os seus datos de contacto. A subcontratación poderase levar a cabo se o responsable non manifesta a súa oposición no prazo establecido. Tanto a non notificación, ou o incumprimento deste prazo para ela, como a negativa do RESPONSABLE a autorizar a contratación, unha vez executada esta, serán causa de resolución deste acordo, e do encargo principal, sen indemnización ningunha.

Así mesmo, e como se desenvolve na cláusula décima do presente acordo, o RESPONSABLE poderalle esixir responsabilidades ao ENCARGADO por aqueles danos que eventualmente puidesen causar.

O ENCARGADO garante que se lle impoñerán ao contratista encargado, mediante contrato, as mesmas obrigacións de protección de datos que as estipuladas no presente contrato.

Correspóndelle ao encargado inicial regular a nova relación de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigacións, medidas de seguridade...).

No caso de incumprimento por parte do subencargado, o ENCARGADO inicial seguirá sendo plenamente responsable ante o RESPONSABLE no referente ao cumprimento das obrigacións.

Cláusula décima. Responsabilidade do encargado e indemnizacións

Se o ENCARGADO do tratamento infrinxe o Regulamento (UE) 2016/679 ao determinar os fins e medios do tratamento, será considerado responsable do tratamento. Para os efectos deste acordo, o ENCARGADO tamén será considerado responsable cando comunique datos sen autorización ou os utilice incumprindo as estipulacións deste acordo e responderá das infraccións en que incorrese persoalmente.

Iso sen prexuízo da esixencia de responsabilidade polos danos que eventualmente se puidesen causar, incluídos aqueles reputacionais que menoscaben a honra corporativa e a imaxe pública do RESPONSABLE.

Cláusula undécima. Finalización da prestación

O ENCARGADO, tras a elección do responsable, suprimirá ou devolverá todos os datos persoais unha vez finalice a prestación dos servizos de tratamento, e suprimirá as copias existentes a menos que se requira a conservación dos datos persoais en virtude do Dereito da Unión ou dos estados membros. Neste último caso, farao constar expresamente con indicación específica do prazo de conservación e a norma da que deriva a súa obrigación.

No caso de que o ENCARGADO tivese un deber de conservación dos datos conforme a cláusula novena, prohibeselle calquera tratamento distinto desta conservación.

O procedemento de devolución axustarase ao descrito no anexo I a este contrato.

Cláusula duodécima. Vixencia

A vixencia deste acordo vincúlase á do encargo de prestación de servizos do que trae a súa causa. Porén, non se considerará extinguido ata a completa devolución ou destrución dos datos. No caso de que o ENCARGADO tivese un deber de conservación dos datos conforme a cláusula novena subsistirán todas as obrigacións previstas neste acordo que garanten a seguridade dos datos sen custo adicional ningún para o RESPONSABLE.

Cláusula décimo terceira. Lexislación aplicable e xurisdición

O presente acordo rexerese pola normativa española e europea en materia de protección de datos de carácter persoal, sen prexuízo da restante descrita no encargo principal.

En caso de controversia entre as partes xurdida con motivo da aplicación deste contrato, ambas as partes, con renuncia expresa ao seu propio foro sométense á xurisdición dos xulgados e tribunais do domicilio do responsable do tratamento.

E para que así conste, e en proba de conformidade e aceptación de todo canto antecede, as partes asinan o presente contrato por duplicado exemplar e a un só efecto na data e lugar indicados no encabezamento.

Anexo I – Descripción detallada dos tratamentos

a) Obxecto da prestación

O desenvolvemento e mantemento de aplicacións para a xestión académica, SIGMA ACADEMIC.

b) Datos que se facilitan ou aos que accede o encargado do tratamento

Os tratamentos de datos previstos para realizar, relacionados co desenvolvemento dos servizos obxecto da prestación, son os seguintes: consulta, modificación, interconexión, comunicación por transmisión, rexistro, cotexo, estruturación, limitación, conservación, supresión e destrución.

Para a execución das actividades derivadas da prestación de servizos, o ENCARGADO tratará a información que se describe a continuación.

- ✓ Datos identificativos (nome e apelidos, NIF/DNI, nº Seguridade Social/Mutualidade, enderezo, teléfono, sinatura, fotografía...).
- ✓ Datos de características persoais (datos de familia, data de nacemento, lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade...).
- ✓ Datos sobre circunstancias sociais (discapacidade, condicións económicas, condicións laborais...).
- ✓ Datos académicos e profesionais (formación/titulacións, historial de estudante, experiencia profesional...).
- ✓ Datos de detalles de emprego (profesión, posto de traballo, datos non económicos de nómina, historial do traballador...).
- ✓ Datos económicos, financeiros e de seguros (ingresos e rendas, datos bancarios, datos económicos de nómina...).
- ✓ Datos de categorías especiais (datos relativos á saúde...).

Canto ás categorías de interesados que se verán afectadas polos tratamentos de datos realizados polo ENCARGADO son as seguintes: estudantes, bolseiros, profesores, persoal de investigación, persoas de contacto e outros empregados.

c) Modo de entrega ou acceso aos datos

A entrega da información ao ENCARGADO, como o acceso aos datos de carácter persoal, variará en función do lugar onde se desenvolva a prestación dos servizos, detallada no expoñendo segundo da Declaración das partes do presente acordo.

1. Se os tratamentos de datos se realizan nas instalacións ou nos sistemas do encargado, o ENCARGADO deberá establecer as suficientes medidas técnicas e organizativas de seguridade que controlen os accesos e garantan a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade e resiliencia da información tratada.
2. No caso de que o ENCARGADO leve a cabo os tratamentos de datos con acceso remoto aos sistemas do RESPONSABLE ou con acceso a datos unicamente en sistemas do RESPONSABLE, o ENCARGADO deberá aplicar as medidas de seguridade aplicando o estándar comprometido neste acordo e anexoado ao presente acordo para o tratamento de datos persoais.

En todo caso, tanto o RESPONSABLE como o ENCARGADO no tratamento e envío de información persoal por medios lóxicos ou físicos establecen as seguintes medidas técnicas e organizativas de seguridade idóneas para evitar o acceso non autorizado, a perda, a subtracción ou a modificación da información tratada e protexer así a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia dos sistemas e a información obxecto de tratamento:

- Acceso por empregado *in situ* pertencente ao cadro de persoal do ENCARGADO:

Aplicará as medidas ditadas polo RESPONSABLE, cando se trate de interaccións directas nas máquinas deste. Se fose necesario realizar probas por parte do ENCARGADO, o empregado *in situ* realizará as probas correspondentes nas instalacións do RESPONSABLE, sen que se realicen transferencias de datos persoais ao ENCARGADO.

- Conexións en remoto para probas en equipos do ENCARGADO:

Realizaranse conexións cifradas para garantir a confidencialidade das comunicacións, aos servidores do contorno de probas de base de datos e servidores de aplicacións do RESPONSABLE e aplicaranse filtros por enderezo IP e porto de conexión.

- Subministración de datos para probas software en instalacións do ENCARGADO:

Para permitir a realización de desenvolvementos novos ou mellorar os existentes, pode ser necesario enviarlle datos ao ENCARGADO destinados á realización de probas do software. Cando sexa necesario proporcionar unha base de datos para realizar estas probas de desenvolvemento, farase previamente unha anonimización dos datos que hai que enviar. O envío desta base de datos ao ENCARGADO realizarase encriptada e transferirase mediante conexións cifradas que impidan o acceso á información por parte de terceiros.

d) Sistemas de información afectados conforme o Rexistro de Actividades do Tratamento

Os datos persoais que se lle facilitan ao encargado ou aos que este accede en virtude do presente acordo atópanse nos seguintes ficheiros ou tratamentos de datos incluídos no rexistro de actividades do RESPONSABLE:

- XESTIÓN MATRÍCULA
- XESTIÓN CUALIFICACIÓNS E ACTAS
- XESTIÓN DE BOLSAS
- XESTIÓN DE EXPEDIENTE ACADÉMICO
- XESTIÓN DE TÍTULOS
- XESTIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS EN EMPRESA
- APP SIGMA
- XESTIÓN DE PRODUCCIÓN INVESTIGADORA
- XESTIÓN DE TESES DE DOUTORAMENTO
- XESTIÓN DE PROGRAMAS DE MOBILIDADE
- XESTIÓN DE PLANS DE ESTUDOS
- XESTIÓN DE CERTIFICADOS
- XESTIÓN DE ANALÍTICA DE DATOS

e) Devolución dos datos

Unha vez cumprida a prestación dos servizos, o ENCARGADO devolveralle ao responsable os datos de carácter persoal e, se procede, os soportes onde consten. Así mesmo, suprimirá todos os datos e as copias existentes nos equipos informativos e poderá conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

Así, nun prazo de 10 días hábiles tras a finalización da prestación de servizos, o ENCARGADO deberá achegar un certificado acreditativo da supresión da información. No caso que sexa necesaria a súa conservación, porque así o regula a lexislación aplicable, deberase indicar neste.

Sen prexuízo do anterior, e logo da comunicación do RESPONSABLE, unha vez cumprida a prestación, poderáselle esixir ao ENCARGADO:

- A entrega da información a outro encargado do tratamento e, se procede, os soportes onde consten. Tras a entrega, suprimíranse todos os datos e as copias existentes nos equipos informativos, de que se poderá conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación. Así mesmo, disporase de 10 días hábiles para entregar o certificado acreditativo da supresión nos termos fixados.
- A destrución da información tratada tras a prestación de servizos. O ENCARGADO disporá de 10 días hábiles para entregar o certificado acreditativo da destrución. No caso que sexa necesaria a conservación da información, porque así o regula a lexislación aplicable, deberase indicar neste.

Anexo II. Obrigacións específica en materia de seguridade

a) Notificación de violacións de seguridade

O ENCARGADO notificarallo ao responsable do tratamento, sen dilación indebida, e nun prazo máximo de 24 horas desde o seu coñecemento, e a través do seguinte enderezo electrónico (dpd@udc.gal), xunto con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.

Só no caso que non exista probabilidade de que a dita violación da seguridade constitúa un risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas, non será necesaria a notificación ao RESPONSABLE.

A información que se incorporará na notificación, se se coñece, é a seguinte:

- a) Descrición da natureza da violación da seguridade dos datos persoais, inclusive, cando sexa posible, as categorías e o número aproximado de interesados afectados, e as categorías e o número aproximado de rexistros de datos persoais afectados.
- b) O nome e os datos de contacto do delegado de protección de datos ou doutro punto de contacto en que se poida obter máis información.
- c) Descrición das posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.
- d) Descrición das medidas adoptadas ou propostas para poñer remedio á violación da seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos.

Se non é posible facilitar a información simultaneamente, e na medida en que non o sexa, a información facilitarase de maneira gradual sen dilación indebida.

Ademais, o ENCARGADO deberá cumprir coas instrucións que o responsable do tratamento lle dirixa en cada momento, relativas á notificación e documentación asociada a posibles incidentes de seguridade, en coherencia cos protocolos ou procedementos que se adoptaron.

b) Obrigacións de seguridade do persoal do encargado do tratamento

O ENCARGADO debe informar, por requirimento do RESPONSABLE acerca de:

- As funcións dos usuarios ou perfís de usuarios con acceso aos datos de carácter persoal e aos sistemas de información que intervéñen na concreta prestación do servizo;
- As funcións de control ou autorizacións delegadas;
- A formación do persoal para que coñeza dunha forma comprensible as normas de seguridade que afecten o desenvolvemento das súas funcións, así como as consecuencias en que puidese incorrer en caso de incumprimento.

**O REITOR DA UNIVERSIDADE DA
CORUÑA**

**O DIRECTOR XERENTE DE SIGMA
XESTIÓN UNIVERSITARIA, A.I.E.
(M.P.)**

Julio E. Abalde Alonso

Ramón Grau Sala